


## A maioría do profesorado galego xa pertence ao Réxime Xeral da Seguridade Social

### Os datos no ano 2024

✓ O 54,4% de todo o profesorado pertence ao réxime xeral.

✓ Entre o funcionariado de carreira mantense aínda como maioritario o colectivo a extinguir de Clases Pasivas (57%), que diminúe un 6% desde o ano pasado.



Funcionariado de carreira por réxime de cotización



# Os efectos das reformas das pensións no profesorado do ensino público

Coa progresiva xubilación do persoal docente que pertence ao Réxime Especial de Clases Pasivas (CCPP), é dicir, quen aprobaron as oposicións antes de xaneiro de 2011, vai diminuindo ano tras ano o seu número, o que provoca que o profesorado que cotiza ao Réxime Xeral da Seguridade Social (RXSS) sexa xa a día de hoxe maioritario se computamos o total de docentes en activo con datos de febreiro de 2024.

A cifra de funcionarios e funcionarias de carreira de CCPP reduciuse nun 6% desde o curso pasado, limitándose na actualidade a 16.572. Pola contra, a súa substitución por novo funcionariado de carreira vinculado xa ao RXSS eleva a cifra deste último a 12.700. Se a este funcionariado lle sumamos o total de persoal interino e substituto, temos xa a unha maioría do persoal docente vinculado ao RXSS, que neste momento supera xa o 54% do total.

A declaración para extinguir do réxime de CCPP implicou un importante retroceso en dereitos, polo efecto das políticas regresivas en materia de pensións públicas na última década. En primeiro lugar pola reforma do ano 2011 do goberno do PSOE e que contou co beneplácito de CCOO e UGT e contra a que a CIG convocou unha folga xeral en Galiza.

O principal efecto desa reforma nacida dun pacto sindical foi a **extensión até os 67 anos da idade ordinaria de xubilación**, agás para aquelas persoas que cando cumbran 65 anos teñan cotizados 38 anos e medio (no 2027).

Tamén para ambos colectivos **ampliouse o período de cómputo para o valor da pensión desde os 15 anos que tiñamos antes da reforma até os 25 anos**, o que implica unha redución desa pensión.

Outro efecto daquela reforma é que **para acadar o 100% da base reguladora da pensión haberá que ter cotizados 37 anos no 2027** (até o 2026 son necesarios 36 anos e 6 meses), cando antes da reforma eran 35.

## CLASIFICACIÓN ACTUAL DO PROFESORADO GALEGO DO ENSINO PÚBLICO POLO RÉXIME DE COTIZACIÓN

- **FUNCIONARIADO DE CARREIRA DE CLASES PASIVAS.** Todo aquel profesorado que ingresou nun corpo docente antes de xaneiro de 2011 e aquel, de entre este, que supera un novo proceso selectivo de cambio de corpo docente. A efectos de prestacións sanitarias é mutualista obrigatorio de MUFACE.
- **FUNCIONARIADO DO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL.** Podemos establecer dous colectivos diferentes dentro deste colectivo.
  - **FUNCIONARIADO DE RÉXIME MIXTO.** O funcionariado de carreira que aprobou unha oposición a partir de xaneiro de 2011. Pertence ao RXSS a efectos de xubilación e é mutualista obrigatorio de MUFACE.
  - **PROFESORADO DO RÉXIME XERAL.** O profesorado interino e substituto e un pequeno grupo de docentes aínda en activo que foron transferido no seu día á Xunta (docentes das antigas universidades laborais...). Tanto a efectos de xubilación como de asistencia sanitaria están vinculado á Seguridade Social.

Tamén se produce unha **perda de dereito no acceso á xubilación por incapacidade permanente total**, xa que a redución da contía da pensión ao respecto do profesorado de Clases Pasivas é moi relevante.

Por iso desde a CIG criticamos con contundencia os pactos sindicais e as reformas que nos trouxeron até aquí e tamén por iso insistimos na necesidade de tirar abaixo as reformas das pensións.

## Como afecta a reforma das pensións do Réxime Xeral pactada por CCOO e UGT?

- Xubilación ordinaria con 67 anos (antes 65)
- 100% da pensión con 37 anos cotizados (antes 35)
- Cálculo da pensión cos 25 últimos anos cotizados (antes 15)
- Endurecemento das condicións da xubilación anticipada

## VERDADES SOBRE AS PENSIÓNS PÚBLICAS

Unha das principais armas dos poderes políticos e económicos para entrar a saco no sector das pensións públicas (un dos máis importantes nichos de mercado que grandes bancos e aseguradoras internacionais levan anos querendo ocupar) é estender entre a poboación a idea dunha quebra das pensións públicas. Este “mantra” leva consigo a necesidade de reducilas, ao tempo que promoven o recurso a plans privados de pensións ou a mecanismos como o aprobado no anterior goberno de Sánchez, con Escrivá á fronte do Ministerio, de plans vinculados a empresas ou administracións, xestionados por entes privados. Todo isto, habitualmente, arroupado polo “diálogo social” coa patronal, CCOO e UGT, para vender que existe un consenso social amplo.

Debemos, por tanto, contrarrestar ese discurso totalmente estendido en medios públicos e privados de comunicación.

**A Seguridade Social é unha conquista histórica da clase traballadora e a defensa do sistema público de pensións é un dereito irrenunciábel que debemos manter a toda costa.**

Desde hai anos vense prognosticando de forma intencionadamente falsa sobre a quebra do sistema público (avellentamento da poboación, aumento da esperanza de vida, baixa natalidade...) na propaganda por ampliar os sistemas privados ou mixtos ao tempo que se suceden reformas laborais que, impondo baixos salarios e precariedade, poñen en constante ameaza os ingresos da seguridade social.

Á vez, o Fondo de Reserva da Seguridade Social, fondo público especial para pagar as pensións en caso de necesidade, foi usado para fins distintos daqueles para os que naceu.

**Os poderes políticos e económicos, tanto a nivel estatal como europeo, teñen como obxectivo recortar aínda máis as pensións.**

O plan está trazado desde hai anos e o obxectivo é **ampliar aos 30 anos o período de cálculo** das pensións, o que, de se levar a efecto, suporá un novo **recorte das contías de entre un 6% - 8%**. Aprobado máis reformas mantendo todas as anteriores, especialmente a do 2011, está a causar unha caída progresiva das pensións do 25%, por causa do impacto que ten a ampliación da idade de xubilación dos 65 aos 67 anos e o aumento do período de cálculo do 15 aos 25 anos.

**Os acordos do diálogo social (Goberno-patronal-CCOO-UGT) atrasan a entrada no mercado laboral e dificulta que as desempregadas atopen traballo.**

As diferentes reformas atrasaron a idade da xubilación e manteñen a día de hoxe a xubilación parcial nunhas condicións discriminatorias e de difícil acceso e son un atranco para a xeración de emprego. Seguir nesta liña de aprobar máis reformas que endurezan as condicións para a xubilación e obriguen a prolongar a vida laboral, contribuiría a unha maior emigración e máis paro xuvenil.

**A última reforma das pensións non garante unhas pensións dignas.**

A reforma de xullo de 2021, tamén aprobada por acordo do diálogo social, desliga a suba das pensións do IPC real interanual acumulado creando un novo indicador, o chamado IPC medio. A reforma evitou entrar no fondo dos recortes de 2011 e mantivo a estrutura do pactado naquel ano. Conseguir consolidar o dereito a unha pensión digna vai moito máis alá do incremento do IPC: debe ter en conta a idade efectiva de xubilación, a cotización necesaria e outros dereitos negados ou limitados como a xubilación anticipada ou parcial.

**A recente aprobación dos chamados Plans de emprego de pensións, constitúe un perigo para o sistema público e solidario de pensións.**

Estes plans consisten na promoción a través da negociación colectiva de plans privados de pensións no ámbito de cada sector, onde a súa xestión será por compañías financeiras e aseguradoras. Súmanse así aos plans privados individuais xa existentes desde hai anos.

Camíñase a un desmantelamento e privatización do actual sistema de pensións público de pensións, para convertelo nun sistema asistencial e de beneficencia. Estes plans empobrecerán máis os salarios(e as pensións futuras) porque se fan en base ao salario das persoas traballadoras, mentres as empresas terán suculentas desgravacións fiscais, causando todo iso unha redución dos ingresos da caixa da seguridade social e de impostos coa agravante de que, ao ser privado, maior é o risco para as persoas traballadoras.

**O acceso cada vez máis tardío ao emprego reduce a media de anos cotizados e prolonga a vida laboral.**

Isto, que é unha realidade a nivel xeral, vese con claridade no ensino público no que vemos como aumenta a idade media de incorporación á docencia, especialmente nos corpos de secundaria, o que leva a que a inmensa maioría do profesorado se terá que xubilar aos 67 anos ou mesmo prolongar a súa vida laboral para poder chegar ao 100% da base reguladora.

**O Estado español é dos estados europeos que menos gasto soporta para sufragar o sistema de pensións.**

As pensións debílanse se o acceso ao mercado laboral se fai con contratos precarios mentres se estenden os contratos a tempo parcial. Nun sistema de pensións públicas como o que temos, reducir a cotización global da poboación en activo implica reducir as fontes de financiamento das pensións. Debemos ter claro que as cotizacións á Seguridade Social non son a única vía para afrontar o pago das pensións. Os orzamentos xerais poden ser unha medida perfectamente válida para garantir as pensións públicas cando as cotizacións á seguridade social non abundan. Así acontece coas pensións de Clases Pasivas, a cargo dos orzamentos xerais do Estado, ou coas pensións non contributivas, como as de viuvez, que xa non dependen da caixa única da S. Social. Polo tanto, hai dúas vías fundamentais para garantir o futuro das pensións públicas: reverter a situación actual no que ten a ver coas cotizacións (emprego de calidade e salarios dignos, estabilidade laboral, xornadas completas etc. ) e asumir que se esas medidas non son suficientes nun momento puntual, sempre existirá a garantía do Estado, a través de decisións na súa política económica, de carácter fiscal e orzamentario e de garantía das pensións públicas.



# Proposta da CIG- EnsinO en materia de pensións

Fronte aos pactos sindicais e ás reformas que endureceron as pensións públicas, a CIG-EnsinO mantén como obxectivo principal conseguir o dereito indefinido á xubilación anticipada dos corpos docentes, dos que aínda manteñen ese dereito (Clases Pasivas) e das que xa non contan con el.

## Estas son as nosas propostas:

- Restabelecemento do **dereito á xubilación anticipada con carácter indefinido para todo o profesorado**, independentemente do réxime de cotización ou situación administrativa.

- O profesorado que teña **60 anos de idade e 25 anos de servizo** terá dereito a percibir as **gratificacións** que corresponda por xubilación anticipada.
- **Negociación dun acordo coa Consellaría** para que o profesorado que opte pola xubilación anticipada perciba unha gratificación que, sumada á pensión que reciba, sexa equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos.
- **Xubilación obrigatoria aos 65 anos de idade ou até acadar os anos necesarios de cotización para percibir a pensión máxima** correspondente ao seu corpo.
- As **prazas que queden vacantes** como consecuencia da xubilación anticipada **non serán amortizadas** e ofertaranse nas seguintes oposicións e concursos de traslados.
- Mellora das actuais pensións. **Dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo**, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.

## A vinculación das pensións co IPC fai que medren máis que os salarios

Por unhas  
pensións públicas  
dignas e garantidas

As pensións públicas **soben neste ano 2024 un 3,8%**, o que **desmonta totalmente o discurso do goberno e os sindicatos estatais de que non se podían pactar salarios para as empregadas e empregados públicos que inclúsen unha cláusula de revisión salarial vinculada ao IPC**, como defendeu a CIG na negociación en Madrid. Por iso, por segundo ano consecutivo, as pensións soben máis que os salarios do profesorado en activo que se ve lastrado como consecuencia do pacto salarial de CCOO e UGT co Goberno central para os anos 2022 a 2024. **O diferencial entre pensións e salarios de profesorado elévase en tan só dous anos (2022 e 2023) por riba do 3%.**

## Avanza a idade de xubilación e o período de cálculo: traballar máis para cobrar menos

**No 2024 a xubilación no Réxime Xeral amplíase aos 66 anos e 6 meses** para todas aquelas persoas que non teñan cotizados 38 anos, manténdose o dereito á xubilación aos 65 anos só para quen supere ese mínimo de tempo cotizado.

Por outro lado, **o profesorado de Clases Pasivas mantén a xubilación anticipada a partir dos 60 anos nas mesmas condicións** que viña desfrutando desde que se anulou a gratificación extraordinaria para promovela. A maioría do persoal docente, que hoxe xa pertence ao Réxime Xeral da SS, eleva a idade media de xubilación e vese na obriga de

traballar máis anos, aumentando o avellentamento do colectivo.

Ao tempo, medidas como **augmentar a idade efectiva de xubilación coa prolongación voluntaria da idade de xubilación mediante complementos de pensión** implican un xogo maquiavélico: léxíase para que teñamos cada vez unha pensión máis reducida, con perda de poder adquisitivo, e despois promócióname que poidamos mellorar esa pensión sempre a cambio de ampliar a nosa vida laboral ou compatibilizar unha segunda actividade coa nosa pensión.

# Xubilación anticipada en Clases Pasivas

Suprimida a xubilación anticipada que estaba prevista na LOE para o persoal docente só permanece en vigor a xubilación anticipada para o funcionariado pertencente ao Réxime de Clases Pasivas, sempre que cumpra as seguintes condicións:

- **Ter cumpridos os 60 anos de idade.**
- **Ter un mínimo de 30 anos de servizos, para o cal tamén contan os cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social (a través do cómputo recíproco). As docentes que se acollan á xubilación anticipada non terán dereito ao complemento**

**por maternidade en vigor desde o 1 de xaneiro de 2016, ao fixarse este complemento para as xubilacións forzosas ou por incapacidade.**

- **Ter cotizados os últimos cinco anos no Réxime de Clases Pasivas cando se computen cotizacións a outros réximes da Seguridade Social.**
- **Facer a solicitude cun mínimo de 3 meses e un máximo de 4 antes de antelación.**

Hai que ter en conta, ademais, que o Réxime de Clases Pasivas é, desde o ano 2011, un **réxime a extinguir**, por canto todas as persoas que accederon á función pública docente como

funcionariado de carreira desde ese ano xa se xubilán coas normas do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Para a CIG-EnsinO as condicións de xubilación dos corpos docentes deberían ser idénticas, independentemente do réxime ao que se pertenza e, por tanto, tamén debería ser obxecto de negociación, no marco da necesaria recuperación dos dereitos que nos foron roubados nestes últimos anos, a aplicación a todo o persoal docente das normas de xubilación anticipada, cando menos, as de Clases Pasivas do Estado.

## O compromiso mantense após a xubilación

Cada ano xubiláanse centos de persoas afiliadas ás que xa non lles afectan aspectos esenciais da actividade sindical (negociación colectiva, eleccións etc). Pero outras facetas da actividade sindical, como as mobilizacións xerais, as iniciativas socio-culturais e a colaboración no quefacer diario da organización son tamén ámbitos importantes nos que podemos participar as persoas xubiladas e pensionistas.

Os nosos dereitos específicos teñen sido obxecto de atención da nosa central sindical desde sempre. A CIG defende un sistema público de previsión social que garanta condicións dignas de vida á clase traballadora cando remata a súa actividade laboral.

Por outro lado, as políticas de recortes nas prestacións sociais públicas, nas pensións, nos servizos á terceira idade, nos sistemas de atención á saúde ou

a dependencia, configuran toda unha problemática que reclama atención sindical e require da participación do colectivo na esixencia de melloras.

O colectivo mantívose activo e con forza desde as primeiras mobilización no 2010 contra a reforma das pensións do goberno de Zapatero e tamén nas sucesivas reformas que fan cada vez máis difícil o acceso ás pensións contributivas, rebaixando a contía das mesmas, non actualizándoas co IPC e atrasando a idade de xubilación. Saímos á rúa numerosas veces en defensa do Sistema Público de Pensións, participamos noutras actividades e nas distintas mobilizacións que a central sindical convocou, entre as que cabe destacar a campaña por unha atención digna á dependencia e na que recolleemos **máis de 14.000 sinaturas que entregamos no Parlamento**. No plano organizativo, para



**Xepe Torres**

**Responsábel nacional do colectivo de persoas pensionistas e xubiladas da CIG**

consolidar a nosa participación no sindicato, constituíuse no 2017 a Comisión Nacional do Colectivo de Xubilados/as e Pensionistas da CIG, á que se incorporaron representantes das Federacións e Unións Comarcais, designando unha persoa para o Secretariado Confederal, con voz e sen voto. Tamén se constituíron as Comisións Comarcais con representación das federacións e unións locais, con representación no Secretariado Comarcal correspondente. Cómpre continuar coa consolidación e fortalecemento do colectivo para defender os nosos dereitos e reivindicacións, polo que é importante que continúes no sindicato cando te xubiles.


# Pensións 2024. Profesorado de clases pasivas

Anos de servizo	% Haber regulador	Haber regulador Grupo A1: 49.914,06€		Haber regulador Grupo A2: 39.283,61€	
		Anual	Mes (14 pagas)	Anual	Mes (14 pagas)
15	26,92%	€ 13.436,86	€ 959,78	€ 10.575,15	€ 755,37
16	30,57%	€ 15.258,73	€ 1.089,91	€ 12.009,00	€ 857,79
17	34,23%	€ 17.085,58	€ 1.220,40	€ 13.446,78	€ 960,48
18	37,88%	€ 18.907,44	€ 1.350,53	€ 14.880,63	€ 1.062,90
19	41,54%	€ 20.734,30	€ 1.481,02	€ 16.318,41	€ 1.165,60
20	45,19%	€ 22.556,16	€ 1.611,15	€ 17.752,26	€ 1.268,02
21	48,84%	€ 24.378,03	€ 1.741,29	€ 19.186,11	€ 1.370,44
22	52,52%	€ 26.214,86	€ 1.872,49	€ 20.631,75	€ 1.473,70
23	56,15%	€ 28.026,74	€ 2.001,91	€ 22.057,75	€ 1.575,55
24	59,81%	€ 29.853,60	€ 2.132,40	€ 23.495,53	€ 1.678,25
25	63,46%	€ 31.675,46	€ 2.262,53	€ 24.929,38	€ 1.780,67
26	67,11%	€ 33.497,32	€ 2.392,67	€ 26.363,23	€ 1.883,09
27	70,77%	€ 35.324,18	€ 2.523,16	€ 27.801,01	€ 1.985,79
28	74,42%	€ 37.146,04	€ 2.653,29	€ 29.234,86	€ 2.088,20
29	78,08%	€ 38.972,90	€ 2.783,78	€ 30.672,64	€ 2.190,90
30	81,73%	€ 40.794,76	€ 2.913,91	€ 32.106,49	€ 2.293,32
31	85,38%	€ 42.616,62	€ 3.044,04	€ 33.540,34	€ 2.395,74
32	89,04%	€ 44.443,48	€ 3.174,53	€ 34.978,12	€ 2.498,44
33	92,69%	€ 46.265,34	€ 3.304,67	€ 36.411,98	€ 2.600,86
34	96,35%	€ 48.092,19	€ 3.435,16	€ 37.849,76	€ 2.703,55
35	100%	€ 49.914,06	€ 3.565,29	€ 39.283,61	€ 2.805,97

**\*Pensión máxima: 44.450,56 €/ano ou 3.175,04 €/mes.** Se unha persoa percibe unha ou máis pensións públicas, a suma total non pode exceder a pensión máxima anual, mais o haber regulador que lle correspondese terase en conta para o cálculo dunha posíbel pensión de viuvez ou orfandade. Os servizos prestados no réxime xeral computan a través do “cómputo recíproco”, mais sempre co límite da pensión máxima. Marcado en azul a pensión máxima que se pode acadar en cada subgrupo (32 anos cotizados no A1 ou 35 anos no A2).

**Pensións actualizadas coa suba do 3,8% aprobada no Real Decreto-Lei 8/2023, de 27 de decembro**

Para calcular a pensión que corresponde en Clases Pasivas pode usarse a web SIMULA do Ministerio de Inclusión e SS



# Xubilación de Clases Pasivas. Características

TIPOLOXÍAS	REQUISITOS	CARACTERÍSTICAS	OBSERVACIÓNS
<b>VOLUNTARIA</b> (só para o persoal que pertence ao Réxime de Clases Pasivas)	-Idade: 60 anos. -Anos de servizo efectivos ao Estado: 30 como mínimo. Ter cotizado os últimos 5 anos polo Réxime de Clases Pasivas.	Cálculo por haber regulador (HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35.	-Xubilación inmediata (ao cumprir a idade, con solicitude con tres meses de antelación)
<b>ORDINARIA</b>	-Idade: 65 anos. -Anos de servizo efectivos ao estado: 15 mínimo.	Cálculo por haber regulador (HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35. As mulleres con un ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento de maternidade.	É xestionada de oficio pola administración se non se solicita prórroga
<b>PRORROGADA</b> até os 70 anos	Solicitude cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que se cumpre a idade máxima legal. A concesión renóvase anualmente.	Igual que a ordinaria. Se existe un mínimo de 15 anos cotizados recoñécese unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado por riba dos 65 anos en función dos anos cotizados: - 25 anos: 2% - Entre 25 e 37 anos: 2,75% - A partir de 37 anos: 4%	A solicitude farase ano a ano con antelación mínima de 3 meses á data de finalización da prolongación concedida. Permítese rematar o curso escolar no que se cumpren os 70 anos.
<b>INCAPACIDADE PERMANENTE</b> (Total, Absoluta e Grande Invalidez)	Declaración previo informe vinculante por parte do EVI da Seguridade Social.  <b>I.P. TOTAL:</b> para as funcións fundamentais do corpo. <b>I.P. ABSOLUTA:</b> para o desempeño de calquera profesión. <b>I.P. GRANDE INVALIDEZ:</b> precisa a asistencia doutra persoa para as actividades esenciais da vida.	Iguais que a ordinaria, computando como servizos prestados o que falte até os 65 anos (cun período de carencia de 20 anos no caso da xubilación total para ter o 100% da pensión). Con menos de 20 anos cotizados hai unha redución do 5% por cada ano (até un máximo do 25%). As mulleres con un ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento de maternidade. A IP por Grande Invalidez supón o 150% do HR (inclúe un complemento de MUFACE) e non require período de carencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pode iniciarse de oficio ou a petición do interesado.</li> <li>• A xubilación por IP total tributa e polo tanto ten retencións do IRPF, as outras dúas non cotizan.</li> <li>• A IP total é compatíbel con outro posto de traballo, coas seguintes reducións: - 25% con máis de 20 anos de servizo. - 45% con menos de 20 anos de servizo.</li> </ul>

## Exemplo de pensión neta en Clases Pasivas

Segundo os haberes reguladores de Clases Pasivas para unha persoa perceptora co máximo tipo de retención do IRPF (non hai outras deducións):

Grupo	% IRPF	Pensión anual	IRPF anual	Pensión mensual	IRPF mensual	Neto mensual
<b>A1</b>	<b>22,79</b>	<b>€ 44.443,48</b>	<b>€ 10.128,67</b>	<b>€ 3.174,53</b>	<b>€ 723,48</b>	<b>€ 2.451,05</b>
<b>A2</b>	<b>20,92</b>	<b>€ 39.283,61</b>	<b>€ 8.218,13</b>	<b>€ 2.805,97</b>	<b>€ 587,01</b>	<b>€ 2.218,96</b>

\* As deducións por IRPF dependen da situación persoal de cada pensionista. Neste cálculo pártese da situación familiar 3: persoas solteiras sen crianzas ou casadas con cónxuxe con rendas superiores a 1.500€ anuais. Os tipos de IRPF son, por tanto, os que se aplicarían nesta situación.




# Xubilación do profesorado do Réxime Xeral da SS

A diferenza de Clases Pasivas, cunha táboa de haberes reguladores en función do subgrupo ao que se pertenza e dos anos traballados, para coñecer a xubilación que lle pode corresponder a cada persoa debe terse en conta a súa base reguladora persoal.

A partir do ano 2022, esta base reguladora é o cociente que resulta de dividir por 350 as bases de cotización da persoa que se xubile nos 300 meses inmediatamente anteriores ao do mes previo á xubilación. Esas bases de cotización son as contías que figuran nas nosas nóminas como C. Comúns (continxencias comúns). Dende xaneiro de 2013, o número de meses computábeis para o cómputo da pensión foise elevando progresivamente como produto da reforma das pensións pactada co sindicalismo estatal.

ANO	MESES COMPUTÁBEIS/DIVISOR	ANOS COMPUTÁBEIS
A partir do 2022	300 / 350	25

Para calcular a pensión que corresponde no Réxime Xeral pode usarse o simulador web da Seguridade Social



## Idade de Xubilación no Réxime Xeral

ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA	ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA
2024	38 anos	65 anos	2026	38 anos e 3 meses	65 anos
	Menos de 38 anos	66 anos e 6 meses		Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses
2025	38 anos e 3 meses	65 anos	2027	38 anos e 6 meses	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses		Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos

## Xubilación anticipada no Réxime Xeral

CONDICIÓN	REQUISITOS	
Idade mínima para acceder	Como máximo 2 anos de anticipo ao respecto da idade ordinaria de xubilación	
Anos de cotización	35 anos cotizados	
Pensión máxima	Non pode ser superior ao resultado de reducir un 0,50% trimestral a pensión máxima (2% anual)	
Redución da pensión en función da cotización	Menos de 38 anos e 6 meses cotizados	2% trimestral (8% anual)
	Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	1,875% trimestral (7,5% anual)
	Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	1,750% trimestral (7% anual)
	44 anos e 6 meses	1,625% trimestral (6,5% anual)
Cotización na sombra	Aos únicos efectos de determinar a idade de xubilación e de aplicar a redución correspondente da pensión, compútanse os anos que median entre a idade de xubilación voluntaria e a ordinaria	

# A compatibilidade das pensións

As pensións de xubilación ou retiro do Réxime Xeral da Seguridade Social e de Clases Pasivas posteriores a 2009 son incompatíbeis co desempeño dun posto de traballo ou alto cargo no sector público. Tamén o son co exercicio doutras actividades por conta propia ou allea que dea lugar á inclusión da persoa xubilada en calquera réxime público de Seguridade Social. Sen prexuízo disto, o cobro dunha pensión no réxime de CCPP e no RXSS é compatíbel con outra actividade por conta propia ou allea nos seguintes termos:

- Terse xubilado na idade de xubilación forzosa (65 anos) en CCPP ou cando menos un ano despois da idade ordinaria de xubilación no RXSS.
- Contar co 100% do haber regulador.
- Durante o tempo en que a persoa xubilada realice outra actividade que implique a alta nalgún réxime de cotización percibirá o 50% da pensión asignada ou da pensión pública máxima segundo corresponda, con revalorización anual. Unha vez rematada a actividade por conta propia ou allea recupérase a pensión completa coa revalorización correspondente.

Cando se trate do desempeño de actividades de creación artística pola que se perciban ingresos de propiedade intelectual, a contía da pensión compatíbel será do 100%. No caso de **xubilacións por incapacidade total** (para as funcións do propio corpo no que se traballa), realizar unha actividade distinta á que viñan realizando como persoal funcionario implica unha redución da pensión, quedando así:

- **Persoal funcionario xubilado con máis de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 75% da pensión.**
- **Persoal funcionario xubilado con menos de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 55% da pensión.**

No Réxime de Clases Pasivas non é posíbel compatibilizar o cobro íntegro da pensión coa realización de traballos por conta propia, no Réxime de Autónomos, cando os ingresos anuais son inferiores ao SMI, como si acontece coa pensión do Réxime Xeral.

## Beneficios asimilábeis á cotización nos dous réximes

**Para completar períodos de cotización teranse en conta os seguintes beneficios:**

- **Cotización por parto: 112 días de cotización (14 máis por cada fillo ou filla en casos de partos múltiples)** para aquelas traballadoras que non cotizaran, gozasen ou cobrasen durante o período equivalente ao permiso de parto. Este período ten que ser certificado polo INSS e pode ser considerado para completar o período de carencia (recoñecemento de pensión forzosa se os servizos son inferiores a 15 anos ou dos 30 anos para acceder á xubilación voluntaria).
- **Cotización por coidado de fillos ou fillas.** Nos casos de xubilacións desde o 2019 calquera dos dous proxenitores teñen dereito á cotización de 270 días sempre e cando se interrompese a cotización por extinción da relación laboral ou por finalización do cobro de prestacións ou subsidios por desemprego entre os 9 meses anteriores ao nacemento (ou 3 meses previos á adopción ou acollemento) e o remate do 6º ano posterior ao

parto, co tope do tempo máximo de interrupción da cotización. Este período non é válido para completar o período de carencia mais si a efectos de completar os anos de servizo e mellorar a porcentaxe a aplicar no Haber Regulador.

- **Cotización do tempo de servizo militar, prestación social substitutoria ou Servizo Social Obrigatorio da Muller.** Para aquelas persoas que fixeron o servizo militar ou a PSS con posterioridade ao acceso á función pública compútase todo o tempo prestado. Para as persoas que a fixeron con anterioridade considéranse como servizos efectivos ao Estado o tempo de servizo militar ou PSS que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de facer a “mili”, computando no grupo E. O Tribunal Supremo recoñeceu no ano 2020 este mesmo dereito para as mulleres que se viron obrigadas a prestar o Servizo Social até o ano 1978. En todos os casos o tempo cotizado computa aos efectos de cumprir os requisitos para a xubilación, tamén na anticipada.

# Outras pensións ou complementos de pensión

## Pensión extraordinaria por accidente ou enfermidade en ou derivada dun acto de servizo ou por acto terrorista

No caso de incapacidades que teñan a súa orixe en accidentes ou enfermidades que teñan lugar no posto de traballo ou que se deriven dun acto de servizo o haber regulador (HR) multiplícase por dous. A persoa funcionaria ou os posíbeis beneficiarios dunha pensión en caso do seu falecemento (viuvez, orfandade...) teñen que solicitar que se incoe un expediente de investigación de causas para que se ditamine se procede ou non pensión extraordinaria. No caso de actos derivados de terrorismo a pensión pode superar o tope máximo da pensión do Estado. Para as pensións extraordinarias non se require período de carencia.

## Pensión con prolongación do servizo activo

A partir de xaneiro de 2022, tras a modificación introducida na Lei 21/2021, quen siga en activo despois da idade de xubilación forzosa e teña un mínimo de carencia de 15 anos cotizados, percibirá un **complemento económico por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado que transcorra desde que reuniu os requisitos para acceder a esta pensión**. O complemento aboarase dalgunha das tres seguintes maneiras, a decidir pola persoa no momento da xubilación e que non pode variar despois:

- Unha **porcentaxe adicional do 4%** sobre o haber regulador por cada ano de servizo entre a idade de xubilación forzosa e a efectiva. Co incremento pode superarse a pensión pública máxima mais non o tope do haber regulador do A1 (3.565,29 euros/mes para o ano 2024)
- Unha **cantidade a tanto alzado de pago único** calculada segundo una fórmula que varía en función dos anos cotizados ao cumprir a idade de xubilación forzosa: menos ou máis de 44 anos e 6 meses.
- **Unha variante mixta** das dúas anteriores (entre pago único e incremento mensual) que non pode ser exercida de momento pois está pendente de regular.

No caso de que non se faga unha opción expresa aplícase a suba do 4%. A percepción deste complemento é incompatible coa realización de calquera traballo por conta allea ou propia da persoa pensionista, que dea lugar á súa inclusión en calquera réxime público de Seguridade Social.

A porcentaxe de incremento obtido en ningún caso ten incidencia no cálculo de pensións en favor de familiares.

## Complemento para a redución da fenda de xénero

Este é un complemento para as **pensións contributivas causadas a partir do 04/02/2021** que substitúe ao anterior complemento de maternidade que cobraban as mulleres con 2 ou máis fillos, vixente desde 2016.

- O complemento recoñécese, de entrada, a **todas as mulleres que teñan un ou máis fillos ou fillas e que cobren unha pensión contributiva** (xubilación, incapacidade permanente e viuvez), sen esixirse ningún outro requisito.
- O complemento consiste nunha **contía fixa por cada fillo ou filla (32,20€ mensuais en 14 pagas co valor de 2024)** e que se revalorizará anualmente ao igual que as pensións. Cóbrase se se tivo 1 crianza e o tope son 4. O importe non se terá en conta para a aplicación do límite máximo das pensións.
- É un complemento destinado ás **mulleres debido á incidencia xeral que ten a fenda de xénero no importe das pensións contributivas**. Os homes poden acceder a este complemento só en casos limitados (viuvez con fillos ou fillas en común con dereito a pensión de orfandade, ou ter interrompido ou reducida a súa carreira profesional polo nacemento ou adopción, e sempre cunha serie de condicións adicionais).
- É un complemento que se concede ao proxenitor que máis prexudicada teña a súa carreira laboral. No suposto de que ningún sufrise un prexuízo nas súas cotizacións para a xubilación, o complemento recoñeceráselle á nai ou, caso de ser unha parella do mesmo xénero, a aquela persoa con menor pensión.
- Poderán acceder a el as nais tras a **xubilación voluntaria anticipada** mais só no caso de que pertencen ao **réxime xeral da Seguridade Social (RXSS)**, ao non se incorporar este dereito á xubilación anticipada de clases pasivas (CC.PP.). Tendo en conta as condicións da pensión anticipada no RX e o feito de que a práctica totalidade das xubilacións anticipadas no profesorado galego son de CC.PP. a consecuencia desta discriminación será que este complemento non terá efectos nas xubilacións anticipadas.
- O complemento substitúe ao anterior de maternidade, que se fixaba en porcentaxes sobre a pensión persoal (5% con 2 fillos/as; 10% con 3 e 15% a partir de 4). Quen tivese recoñecido este complemento poderá optar por mantelo ou cambiar para o novo, segundo lle sexa máis beneficioso.
- Estará en vigor **mentres a fenda de xénero media do Estado se sitúe por riba do 5%** (actualmente a pensión media das mulleres está un 30% por baixo da dos homes).

# As xubilacións por incapacidade permanente

As pensións de xubilación por incapacidade total (para as funcións propias do corpo docente) tamén sufriron nos últimos anos recortes importantes. En primeiro lugar houbo unha reforma para o persoal de Clases Pasivas no ano 2009, fixando unhas porcentaxes de redución da pensión para aquel funcionariado que non tivese acreditados no momento da xubilación 20 anos de servizos ao Estado (en calquera réxime de cotización). A porcentaxe de redución faise sobre o Haber Regulador correspondente aos anos de cotización e cóntanse os anos efectivamente traballados máis os que restan para acceder á idade de xubilación como se realmente se mantivese activa a persoa xubilada por incapacidade.

Esta redución non se aplica nas incapacidades absolutas (para calquera profesión ou oficio). Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión por incapacidade total, e antes de cumprir a idade obrigatoria de xubilación, se produce un agravamento, pódese solicitar unha recualificación do EVI para pasar da incapacidade total á absoluta e así ter dereito ao 100% do haber regulador.

Mais o principal recorte de dereitos veu da man dos efectos da reforma das pensións de 2011 pactada polos sindicatos estatais. A integración no Réxime Xeral e a aplicación das normas deste réxime a quen é funcionariado de carreira desde xaneiro de 2011, así como ao persoal interino, implica unhas peores condicións no caso da declaración de incapacidade permanente total. **A diferenza entre unha xubilación por incapacidade permanente total pode superar o 20% no Réxime Xeral ao respecto de Clases Pasivas.**

Xubilación por incapacidade en Clases Pasivas	
Anos de servizo	Redución da pensión
15 anos ou menos	25%
Entre 16 e 17 anos	20%
Entre 17 e 18 anos	15%
Entre 18 e 19 anos	10%
Entre 19 e 20 anos	5%

Para o cálculo da pensión por incapacidade permanente total no RXSS hai que ter en conta a base reguladora (BR) de cada persoa así como a súa idade. Para persoas de até 55 anos o máximo que se percibe é o 55% da BR pasando ao 75% cando se supera esa idade e se prevé dificultade para atopar traballo fóra da actividade habitual. Pode haber casos de aumento desta pensión para casos moi concretos derivados de accidentes de traballo ou enfermidade profesional. A pensión por IPT pasa a ser de xubilación cando se cumpre a idade ordinaria sen que cambien as condicións económicas.

## Cómputo de servizos prestados

Para o colectivo de docentes de Clases Pasivas existe unha fórmula que establece a equivalencia entre os servizos prestados nos distintos grupos funcionariais. Só para aquelas persoas que accederon á función pública antes de xaneiro de 1985 e se xubilen forzosamente ou por incapacidade permanente, ou ben falezan, o cálculo da pensión incluírá 10 anos do cómputo no grupo inferior como se fosen no superior. No caso de que se teñan acreditados máis de 35 anos de servizos, tómanse os 35 anos de maior haber regulador para o cálculo da pensión.

### **Cómputo dos servizos prestados no Réxime Xeral da Seguridade Social**

#### **Cómputo recíproco**

O cómputo recíproco é unha equivalencia entre as cotizacións a outros réximes públicos de cotización, habitualmente o Réxime Xeral ou o de Autónomos e os prestados como persoal funcionario, en función dos grupos de cotización.

Grupo de Cotización Seg. Social	Grupo de Cotización Funcionarial	Grupo de Cotización Seg. Social	Grupo de Cotización Funcionarial
1	A1	7, 9	C2
2	A2	6, 10, 11, 12	E
3, 4, 5, 8	C1		